



MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 27/07/2018.

Na vila de Vimianzo, ás vinte horas do día vinte e sete de xullo de dous mil dezaioito, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D.^a Marta Rey Lema
D. José Antonio Vidal Mira
D.^a María Élda Pequeño Lorenzo
D.^a Estephanie Castro Oanes
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D. Mario Andújar Mouzo
D.^a Paula Mouzo Maceiras
D.^a Raquel Rodríguez Amigo
D. José Manuel Rodríguez Blanco

Secretaria: D.^a María Cristina Varela García (secretaria do Concello de Xermade en réxime de acumulación de funcións en Vimianzo)

Interventora: D.^a Sonia Lorenzo Barbeito (interventora do Concello de Muxía en réxime de acumulación de funcións en Vimianzo)

O alcalde da a benvinda á interventora de Muxía en réxime de acumulación de funcións en Vimianzo, Sra. Lorenzo Barbeito, e agradece que lles estea botando unha man.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación *ope legis* da acta da sesión ordinaria celebrada o 25 de maio de 2018.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Non formulándose ningunha observación, queda aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada o 25 de maio de 2018.

2. Modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario, expediente n.º 2018/CE/02.

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 18 de xullo de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas reunida o 23 de xullo de 2018, que se transcribe literalmente:



“PROPOSTA DE ACORDO

Vista a concesión do Plan de Obras e Servizos da Deputación (POS+) 2018,

Considerado definitivamente aprobado trala Resolución da Presidencia número 21270 de 14 de xuño de 2018, que non está contemplado o crédito no orzamento vixente da corporación, é necesaria a modificación de créditos do orzamento da corporación baixo a modalidade de crédito extraordinario, financiado mediante o préstamo concedido.

Visto o informe de Intervención.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, este Alcalde propón o Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2018/CE/02, na modalidade de crédito extraordinario para financiar os gastos de investimento, pola concesión do Plan de Obras e Servizos da Deputación (POS+) 2018 da Deputación, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

Orzamento de gastos:

CAP.	DESCRICIÓN	IMPORTE
6	Inversións reais	159.745,27
	TOTAL GASTOS	159.745,27

Orzamento de ingresos:

CAP.	DESCRICIÓN	IMPORTE
9	Pasivos financeiros	159.745,27
	TOTAL INGRESOS	159.745,27

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Vimianzo, 18 xullo de 2018
O Alcalde
Manuel Antelo Pazos”

O alcalde explica que, consonte ao criterio da Intervención municipal, se incorpora agora o préstamo como crédito extraordinario, para financiar dúas obras: pavimentación de varias rúas en Vimianzo e mantemento de viais en Carantoña.

Non se producen intervencións por parte do resto dos grupos.



Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor de Adiante Vimianzo, cinco abstencións e IxV e grupo mixto e ningún voto en contra, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3. Modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito, expediente n.º 2018/SC/01.

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 18 de xullo de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas reunida o 23 de xullo de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Vista a concesión do Plan de Obras e Servizos da Deputación (POS+) 2018,

Considerado definitivamente aprobado trala Resolución da Presidencia número 21270 de 14 de xuño de 2018, que non está contemplado o crédito no orzamento vixente da corporación, é necesaria a modificación de créditos do orzamento da corporación baixo a modalidade de suplemento de crédito, financiado mediante o préstamo concedido.

Visto o informe de Intervención.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, este Alcalde propón o Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2018/SC/01, na modalidade de suplemento de crédito para financiar os gastos de amortización anticipada de débeda, pola concesión do Plan de Obras e Servizos da Deputación (POS+) 2018 da Deputación, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

Orzamento de gastos:

CAP.	DESCRICIÓN	IMPORTE
9	Pasivos financeiros	207.479,86€
	TOTAL GASTOS	207.479,86€

Orzamento de ingresos:

CAP.	DESCRICIÓN	IMPORTE
9	Pasivos financeiros	207.479,86€
	TOTAL INGRESOS	207.479,86€

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o



devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Vimianzo, 18 xullo de 2018
O Alcalde
Manuel Antelo Pazos”

O alcalde explica que, coma no punto anterior, polo mesmo motivo se trae este expediente ao pleno, para cancelar a débeda bancaria. Por primeira vez en moitos anos o Concello de Vimianzo non ten débeda cos bancos.

Non se producen intervencións por parte do resto dos grupos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor de Adiante Vimianzo, cinco abstencións e IxV e grupo mixto e ningún voto en contra, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

4. Inicio do expediente de expropiación de dous inmobles colindantes ao castelo de Vimianzo.

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 18 de xullo de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais reunida o 23 de xullo de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: INICIO EXPEDIENTE EXPROPIACIÓN INMOBLES COLINDANTES AO CASTELO DE VIMIANZO- EXPTE. 2018/X999/000056.

Visto o documento denominado “estudos previos para a posta en valor do castelo de Vimianzo” elaborado polo arquitecto D. David Estany Garea en decembro de 2016, que no apartado 4 da memoria describe os tres obxectivos do documento:

- *Recopilar a información previa e ofrecer información suficiente para determinar o inicio da redacción dos documentos necesarios e posterior execución do restauro do Castelo de Vimianzo coa finalidade última de rehabilitar as edificacións do conxunto monumental, adecuar o seu contorno e establecer os usos sinalados na presente memoria, fundamentalmente un percorrido museístico e usos culturais complementarios ao percorrido de visita.*

- ***Delimitar o ámbito de intervención e avaliar as accións necesarias para a consecución dos terreos necesarios para realizar unha intervención de posta en valor completa e unitaria, tendo en conta tamén a viabilidade urbanística da actuación.***

- *Valorar economicamente os custes totais da inversión pública. Considerando os custes de obtención dos terreos, execución das obras de rehabilitación e urbanización previstas, mobiliario urbano e equipamento para dotar de contidos aos usos expositivos previstos, e mesmo os custes derivados da redacción da documentación e de proxectos de arqueoloxía e arquitectura.*

Entre os inmobles que se describen na memoria están as fincais catastrais 7533804MH9773S0001PW (vivenda) e 15093A062005200000QQ (parcela), ambas colindantes ao castelo, de imprescindible obtención a efectos de dotar de acceso ao foso do castelo.

Tendo en conta que a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia 5/2016 establece no seu artigo 51.3: *Así mesmo, serán causa xustificativa de interese social para os efectos da expropiación as melloras nos accesos aos bens de interese cultural, a dignificación do seu contorno e, en xeral, a mellora das condicións para a súa valorización e función social.*

En consecuencia, a previa declaración de interese social a efectos expropiatorios ven determinada pola propia lexislación en materia de patrimonio de Galicia, aos efectos do disposto no artigo 9 da Lei de Expropiación Forzosa.

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe de Secretaría de data 18 de xullo de 2018, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:



PRIMEIRO.- Estimar necesaria a obtención dos inmobles con N.R.C. 7533804MH9773S0001PW (vivenda) e 15093A062005200000QQ (parcela), ambas colindantes ao castelo, terreos necesarios para realizar unha intervención de posta en valor completa e unitaria do castelo de Vimianzo, tal como se define no documento denominado “estudos previos para a posta en valor do castelo de Vimianzo” elaborado polo arquitecto D. David Estany Garea en decembro de 2016.

A declaración do interese público aos efectos da súa expropiación, de conformidade cos artigos 94 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e 10 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954, está contemplada no art. 51.3 da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia.

SEGUNDO.- Aprobar a relación concreta, individualizada e valorada dos bens a ocupar necesariamente, e que se expresan ao final deste Acordo.

TERCEIRO.- Proceder á publicación deste Acordo na forma a que se refire o artigo 18 da Lei de Expropiación Forzosa, abrindo información pública durante un prazo de quince días no *Boletín Oficial da Provincia* e nun dos diarios de maior circulación da Provincia, con notificación persoal aos interesados, para que os titulares de bens e dereitos afectados poidan achegar por escrito cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen na relación publicada ou oporse á ocupación ou disposición dos bens e dereitos por motivos de forma ou fondo, que deben fundamentar motivadamente.

Aos efectos da emenda de erros na descrición material e legal dos bens, calquera persoa natural ou xurídica poderá comparecer alegando cantos antecedentes ou referencias estime pertinentes.

CUARTO.- Comprometerse a habilitar crédito no orzamento para facer fronte aos custes que supoña o presente expediente, e en calquera caso sempre antes da determinación do prezo dos bens expropiados.

RELACIÓN DE BENS AFECTADOS

- INMOBLE 1 (VIVENDA)

Datos catastrais: 7533804MH9773S0001PW

Uso: residencial

Superficie construída (segundo catastro): 148 m²

Datos rexistrados: non constan

Valoración: 70.562€

Localización: rúa Torre 2 15129 Vimianzo

Propietario/a: María Isabel Blanco Dopico

- INMOBLE 2 (PARCELA)

Datos catastrais: 15093A062005200000QQ

Uso: agrario

Superficie (segundo catastro): 1.095 m²

Datos rexistrados: non constan

Valoración: 13.276€

Localización: polígono 62 parcela 520. Torre. Vimianzo

Propietario/a: Ramona Dopico Vázquez

Vimianzo, a 23 de xullo de 2018

O alcalde

Manuel Antelo Pazos

(documento asinado dixitalmente)

O alcalde comeza afirmando que o castelo é o referente de Vimianzo e o proxecto do goberno foi sempre protexer o noso patrimonio, unha estratexia para apoiar ao sector servizos incentivando o turismo. Un dato obxecto é a cantidade de negocios que se están abrindo para dar aloxamento, e que coñecemos porque se comunica ao concello as vivendas turísticas que se inscriben no rexistro da xunta. Considera que a evolución do urbanismo en Vimianzo fixo que o castelo estea agochado e constreñido. Anuncia que a Deputación vai relanzar o castelo e formalizarse nos vindeiros días esta



iniciativa do goberno. Farase unha musealización e adecentarase a contorna. Por algo hai que empezar e agora é o momento de dar un paso mellorando os accesos mediante a expropiación das fincas da familia Dopico.

Explica que a lei outorga a prerrogativa de expropiar, determinando que neste caso existe interese público. Cumpríranse os trámites da Lei de Expropiación Forzosa a efectos de acadar unha solución que beneficie a todos os veciños. Conclúe que, se temos un modelo de vila, hai que ir tomando decisións. Da o turno de palabra ao concelleiro de TEGA.

O Sr. Rodríguez Blanco pregunta porque non comeza o PSOE, coma sempre.

O alcalde di que xa non sabe como están as cousas.

O Sr. Andújar Mouzo interrompe.

O alcalde faille unha primeira advertencia, para logo darlle o turno de palabra ao PSOE.

A Sra. Mouzo Maceiras lembra unha noticia de La Voz de Galicia do 25 de xullo, na que o alcalde manifesta que non se entende que non se cobre pola entrada ao castelo. Lembra unha proposta súa de cobrar un prezo simbólico pola entrada aos Batáns e ao castelo, e o alcalde criticou que esta idea de cobrar. Di que o proxecto está ben pero non están os tempos para derrochar cartos comprando fincas en vez de adicar os cartos ao mantemento de vías, por exemplo. Califica o proxecto de faraónico, pois chega aos 1,5 millóns de euros. Despois din que a casa de cultura foi cara. O alcalde negou que esta idea fora unha arrotada, pero os penedos teñen un mantemento básico e os accesos están sen limpar. Critica que se acabe de comprar Pedra Cuberta a 1.250 euros o ferrado, un prezo que considera excesivo. Afirma que hai que coidar ao turismo en xeral e agarda que o goberno cambiara o folleto (que mostra ao público), onde se nomea a establecementos pero non a todos. Considera que hai que dialogar cos veciños e tratar de chegar a acordos, como fixeron alcaldes doutros municipios. Está ben gastar 2,6 millóns de euros nun castelo que é da Deputación, e pregunta se ten pensado pedirles que llo devolvan. Lembre que ademais do sector turístico, no municipio hai outros sectores de grande importancia (gandeiro e forestal) e as parroquias están abandonadas, as fincas sen limpar...

O alcalde di que debe de cingirse ao punto que se está tratando, non facer un debate de política xeral porque entón non saímos ata as doce da noite.

A concelleira do PSOE continúa dicindo que o documento prevé expropiar cincuenta fincas e empézase por estas dúas. Afirma que isto é un capricho do alcalde e pídelle que explique como foron as cousas e porque este ano non se permitiu o acceso para celebrar o asalto.

A concelleira do PP di que lle sorprende o sentido do humor co que iniciou hoxe o alcalde o pleno diante dun punto que a todos como particulares lles xenera inseguridade. Dille ao alcalde que empece por falar cos propietarios, como fixo ella, que si os chamou. Opina que este proxecto é do alcalde, non do pobo de Vimianzo. Se no 2016 se sentara con eles, igual o vendían. Di que o alcalde é o sheriff, e hai que respectar aos veciños. O proxecto contempla tres fases, aparte dos honorarios do seu amigo. Aos 2.206.000 euros hai que sumar os gastos dos contenciosos de quen defende as súas propiedades. Di que Vimianzo é un pobo obreiro, e pregúntase como se van gastar cartos niso e non ser capaces de manter as beirarrúas limpas. Considera que non hai porque encapricharse, pois hai moitas vilas con castelo e con accesos limitados. Apela á concencia dos concelleiros do grupo de goberno, pois mañá pode pasarlle a eles. Sempre pensou que as expropiacións eran para facer autopistas ou hospitais. Pide unha reunión antes de chegar a isto, pois xa nos estamos parecendo a outros países expropiando e tirando casas.

O concelleiro de TEGA di que está decisión había que pensala máis. Temos xente moi boa cedendo terreos para aparcar, facer festas, etc. Calquera que vexa isto, porque esta xente agora non deixou pasar, que se lles expropie... Opina que non ten sentido isto e lembra que lle acaban de tirar a casa a un veciño.

O alcalde esixe que retire o que acaba de dicir.



O Sr. Rodríguez Blanco di que non o retira e repite que pense ben o que vai facer, porque vai meter nun fregado ao concello.

A concelleira de IxV di que na súa intervención o alcalde non dixo se houbo tentativa de negociación. Di que neste proxecto se van expropiar cincuenta fincas e agora empezan por dúas. Di que o alcalde igual pensa que está á fronte do Ministerio de Fomento. Os afectados non saben nada desto, enteráronse pola prensa. Están dacordo na posta en en valor do castelo, pero doutra maneira. Afirmar que isto é un atentado contra a propiedade privada. A inversión é moi elevada e se cadra hai un convenio coa Deputación, pero non se sabe en canto pode acabar esto. Tampouco sabe se ten un acordo co BNG a cambio de algo. O primeiro é informar á Corporación e non traer un proxecto desta envergadura ao pleno sen antes explicar nada. Di que o alcalde actúa por vinganza, pois a propietaria leva vinte anos cedendo voluntariamente unha finca para que se celebre o asalto, e que pasaría este ano para que dixera que non (xa dixo que non o ano pasado pero desobedeceron a orde). En abril o alcalde mandoulle unha carta ameazando coa vía xudicial, e como é un mal negociador, agora trata de impoñer a súa vontade. Pregunta se se tramitou a declaración de utilidade pública que ten que emitir a Xunta, e di que non hai partida no orzamento, co cal se empeza a casa polo teito. Hai que priorizar se temos capacidade para afrontar estas inversións e ter un pouco máis de sensibilidade cara os veciños.

O alcalde di que obras son amores e non boas razóns. Todos din estar dacordo en potenciar o castelo pero ninguén quere mollarse. Polo menos que fale un, xa que todos teñen o mesmo proxecto. Falan de mentir e o proxecto é de 2016 e din que é un capricho de agora do alcalde. Falan de cincuenta fincas, parece que van expropiar todo o concello. Vanse adquirir dúas fincas porque a lei llo permite, non se pode expropiar todo...

O Sr. Rodríguez Blanco di que menos mal.

O alcalde dalle un primeiro aviso. Continúa dicindo que a lei de patrimonio de Galicia permite expropiar para mellorar os accesos dos BIC. E expropiar significa negociar, pois pode chegarse a un acordo e hai unha taxación do ben que o afectado pode aceptar ou non. Están garantidos os dereitos económicos desa familiar, que é propietaria de varios inmobles en Vimianzo e ninguén vive aquí, o que fixeron foi aproveitarse dos vimianceses.

A concelleira de IxV di que agora o alcalde devólvello.

O alcalde dalle un primeiro aviso á Sra. Rodríguez Ordóñez. Afirmar que a partires desas ideas plasmadas no 2016 están empezando a darse pasos agora para a posta en valor do castelo. Pide que non enganen á xente, porque sendo alcalde seu tío e concelleiro de obras Roque fixeron unha expropiación moi dolorosa, á familia da lotería. E tampouco vai permitir que lle diga eso a candidata do PSOE, que fixo con Rumasa a expropiación máis grande en España.

A concelleira de IxV di: "a que niveis chegamos..."

A concelleira do PP tamén fai un comentario ao respecto.

O alcalde dalle o segundo aviso á concelleira de IxV e o primeiro á do PP.

Recoñece o alcalde que xa contaba con esta actitude da oposición: mentir e falar doutra cousa. Di que a taxación total é de 80.000 euros porque seu tío llo puxo como urbano porque eran os ricos do pobo, mentras ás fincas do lado son zona verde. Xa se expropiou cando se fixeron as Normas Subsidiarias 10.000 m² nesa zona con esa devaluación. Tamén se prevén 30.000 m² de zonas verdes ao cruzar a rúa Tras do Castelo, condicionando o seu valor e o seu futuro. Considera que en 80.000 euros está ben pagado, ou igual queren que os propietarios llo regalen ao concello. Di sentirse orgulloso da adquisición de Pedra Cuberta, aínda que á Sra Mouzo lle pareza moito 5.000 euros por 5 ferrados, pois é un dolmen recoñecido internacionalmente pois xa uns arqueólogos alemáns o excavaron nos anos 30. Di que non se van expropiar cincuenta fincas, pois o que se fai é falar coa xente, e cando non se pode, como representantes do pobo que son, fan o que a lei lles permite. Non van contra unha pobre viúva expropiarlle como lles da a gana, como todos sabemos. Conclúe manifestando que o documento é unha folla de ruta e o castelo non merece unha aposta distinta. O crecemento de visitantes é exponencial, e beneficia á hostalería e ao turismo. Pon como exemplo a prolongación do



camiño de Santiago a Muxía, que nese municipio supuxo a apertura de sete establecementos. Afirmo que o goberno está apostando por todos os sectores, pero non se pode ter o patrimonio coma hai trinta anos. Non existe ningún proxecto de 2,3 millóns de euros, o que existe é unha folla de ruta de onde se toman ideas. Nega que exista ningún tipo de tráfico para ir nunha candidatura, e advirte que cando se cuspe para arriba sempre cae na cara, pois criticárono cando abandonou o BNG pero eles seguen sendo nacionalistas de esquerdas.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor de Adiante Vimianzo, cinco votos en contra de IxV e grupo mixto e ningunha abstención, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

A concelleira do PP pide permiso para abandonar a sesión por un problema persoal ás 20:58 horas.

5. A adhesión do Concello de Vimianzo ao Pacto dos Alcaldes/as para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 18 de xullo de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais reunida o 23 de xullo de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Adhesión á iniciativa europea do pacto dos alcaldes/as para o clima e a enerxía

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors' Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométese a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

- 1) un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación.
- 2) unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático.

Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a



través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de mais de 20.000 habitantes.

Cofecedor da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcalde do Concello de Vimianzo recoñezo que o noso compromiso esixe:

1. Un liderado político forte:
 - Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.
 - Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas.
2. Un enfoque territorial integral e intersectorial.
3. A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:
 1. O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.
 2. O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.
 4. Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.
 5. A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.
 6. Revisar periodicamente ns nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.

Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste, eu **D. Manuel Antelo Pazos** alcalde desta Corporación, comprométome a:

1. Reducir as emisións de CO₂ no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.
2. Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.
3. Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para eo Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.
4. Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.
5. Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.
6. Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.
7. Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.
8. Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.
9. Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.



Por todo o exposto, elévase ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Vimianzo ao Pacto dos Alcaldes/as para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

SEGUNDO.- Facultar ao alcalde de Vimianzo a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes/as e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.

Vimianzo, 18 de xullo de 2018.

O alcalde

Manuel Antelo Pazos

O alcalde explica que esta proposta xurde nunha reunión coa Xunta e ten a súa orixe no ámbito europeo, co obxectivo de acadar a sustentabilidade enerxética e adaptación ao cambio climático.

A concelleira do PSOE está dacordo con este pacto e solicitan a adhesión do concello á Rede de Municipios e Cidades polo Clima.

Os concelleiros de IxV e TEGA non interveñen.

O alcalde di que as emendas deben presentarse na comisión, ese é o lugar para debatilas en lugar de non dicir nada na comisión e dicilo no pleno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

6. Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2017.

Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: CONTA XERAL DE 2017

Considerando a necesidade de proceder a aprobación Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio económico de 2017, en cumprimento do disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Considerando que, formada e informada dita Conta Xeral, pola Intervención Municipal, foron comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación.

Visto que a Conta Xeral foi ditaminada pola Comisión Especial de Contas e exposta ó público, mediante anuncio no BOP núm. 106, de data 06/06/2018, período no que non se presentaron alegacións, por esta Presidencia propón o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do Municipio do exercicio 2017, que quedou cumpridamente xustificada, e que está integrada polos seguintes documentos:

- a) O Balance.
- b) A Conta do resultado económico-patrimonial.



- c) O estado de Liquidación do Orzamento.
- d) O de cambio do patrimonio neto.
- e) O estado de fluxos de efectivo.
- d) A Memoria.
- e) Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.
- f) Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local, referidos a fin de exercicio.

SEGUNDO. Ordenar que a referida Conta, sexa enviada ó Tribunal de Contas a través da Plataforma habilitada ó efecto.

O Alcalde-Presidente,
Manuel Antelo Pazos"

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, oito votos a favor de Adiante Vimianzo, catro abstencións de IxV e grupo mixto, e ningún voto en contra, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

B) Sección de control

7º. Comunicados oficiais.

A secretaria da conta dos seguintes anuncios publicados no BOP:

- BOP n.º 102 do 31.05.2018, aprobación inicial de modificación da ordenanza municipal de emerxencia social do Concello de Vimianzo;
- BOP n.º 134 do 16.07.2018, anuncio de exposición pública de expediente de modificación de crédito 2018/CE/01;

Asemade, dase conta dos seguintes anuncios relacionados con asuntos de competencia plenaria:

- Notificación da orde sobre a aprobación definitiva da rectificación de erro material das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Vimianzo, referente a usos en solo urbano (URLI), pola que comunican a non aprobación da rectificación acordada polo pleno o 26.01.2018.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia, isto é, dende resolución núm. 597/2018 do 23/05/2018 á núm. 867/2018 do 20/07/2018.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo I.



8º. Dación de conta de informes económico-orzamentarios.

A secretaria explica que se remitiron os seguintes informes:

- Período medio de pago a provedores 2º trimestre 2018: 4,47 días
- Informe de morosidade 2º trimestre 2018
- Informe execución trimestral 2º trimestre 2018

O Pleno da Corporación queda enterado.

A concelleira de IxV pide copia da execución trimestral.

9º. Mocións.

Non hai mocións.

10º. Rogos e preguntas.

O alcalde abre o turno de rogos e preguntas, comezando polo grupo mixto.

10.1. PSOE

A concelleira Paula Mouzo plantexa os seguintes rogos e preguntas:

1º. Roga que na obra da pista do Foxo se consideren os imprevistos e se poñan os accesos a fincas e se fagan as cousas ben.

2º. En Piñeiros-Cambeda fíxose apertura de gabias e limpeza de silvas, pregunta que vai pasar cando empece a chover. Igual na pista que vai da Lagoa ao Careixo. Pide que se fagan as obras que os veciños reclaman e se fagan ben.

3º. Que a limpeza de colectores na vila de Vimianzo se faga unha vez ao mes e un par de veces ao ano no resto das parroquias, xa que os propios votantes do alcalde se queixan do que cheira.

4º. Dado que o alcalde fala de concenciación á hora de tirar o lixo...

O alcalde dille que non poña na súa boca cousas que non dixo.

A concelleira do PSOE dille que se quere busque a acta do pleno onde o dixo.

5º. Que se mire polos nosos ríos.

6º. Que se limpen as parroquias.

7º. Pregunta que fixeron coa exposición de traxes rexionais que cedeu a Deputación, que estaban no castelo, pasaron polo centro social e están desaparecidos.

10.2. TEGA

O concelleiro de TEGA comeza polos rogos:

1º. A contorna do campo de fútbol está en tan mal estado que cando escapa un balón non o atopan. Que o limpe o concello ou llo faga limpar aos propietarios.

2º. Que non deixe abandonado o tramo do camiño de Santiago que pasa por Brandomil, que lle metan unha rodadura ou unha capa de zorra, e na zona do Cabral fai falla unha valla.

3º. Que non fagan as limpeza a véspera da festa nas parroquias, se pode ser que se faga cunha semana de antelación. Contrate a máis xente, que xa fai o que quere.



4º. Que amañen a pista de Montetorán.

Segue coas preguntas:

1º. Pregunta se van acometer algunha obra na estrada Baíñas-límite con Dumbría, xa que hai moitos incidentes de tráfico.

2º. Pregunta que prazos se manexan para a obra da praza do Outeiro que se inclúe no POS.

3º. Opina que a adquisición de Pedra Cuberta está ben, pero pregunta se van acometer algunha obra ou o van deixar abandonado como fan coas outras.

10.3. IxV

A concelleira de IxV comeza cos rogos:

1º. Que trate de non mentir, xa que as Normas Subsidiarias son do 92 e ella daquela tiña 15 anos.

2º. Que non mesture os asuntos porque todos temos recados para darlle. Cada un ten as súa representación tras as eleccións do 2015. Se o alcalde non respecta ao portavoz do seu grupo, non o faga, pero si respecte aos demais.

3º. O alcalde negou que houbera 50 fincas a expropiar, e ella invita aos asistentes a ver o documento cando remate a sesión para que vexa que non minte.

4º. Os dous parques do casco urbano están en moi mal estado, pero o que está a carón da escola infantil ten varios elementos deteriorados e precisa unha reparación urgente.

5º. O casco urbano precisa o pintado da sinalización horizontal, incluso os vados.

6º. Hai queixas pola carga e descarga en Evaristo Martelo cando vas á esquerda. Pide que se estude algunha variante.

7º. Que se anime aos negocios a decoralos máis na semana do Asalto, incluso que o concello adquira os elementos. Este ano organizouse un concurso e non tivo percorrido.

8º. Na Bouza hai bastantes baches e seguen sen arranxar.

9º. O acceso á Gándara está cheo de maleza e con baches.

10º. Que se estude a posibilidade de asfaltar a pista que vai da Devesa á Casiña.

Denuncia que o mantemento deste goberno é nulo, as fachadas seguen igual. Avisouse que se contratara o servizo de limpeza con tempo e as parroquias límpanse a véspera da festa.

11º. Que se recoñezan os méritos do deportista vimiancés Damián Espasandín como se fixo con outra xente.

A continuación formula as preguntas:

1º. Vaise abrir unha nova aula na escola infantil no curso 2018-2019?

2º. Que saibamos non se incorporou a normalizadora lingüística, que presentou unha demanda e houbo que pagarlle.

3º. Diante do bar A Fonte fíxose un "saliente" da beirarrúa, que finalidade ten?

4º. Hai unhas vallas na esquina da rúa Vilar coa avenida de Fisterra que ocupan vía pública e restan visibilidade, vaise solucionar?

5º. Comezaron as obras da cuberta do colexio, un proxecto redactado a gusto do goberno. A cuberta non vai pegada ao colexio e precisa mellorar. Hai vontade de aportar diñeiro para esas obras complementarias? Reitera o seu desacordo con esa obra.

6º. O patio de infantil do CEIP ten un tubo que o cruza e debe corrixirse.

7º. Expressa a súa preocupación polo mantemento das infraestruturas municipais en todos os sitios. Por que non temos un equipo ou unha empresa que faga este traballo? Como pode estar satisfeito de ter Vimianzo así?

8º. Temos secretaria e interventora un día á semana, e a licitación do lixo que se aprobou en marzo aínda se acaba de adjudicar, por eso se contratou a outra empresa para facer a limpeza dos colectores. É sospeitoso que en febreiro se asine o contrato do SAF e agora o mesmo administrador leva o contrato do lixo.



O alcalde contesta que esto é unha tortura e ironiza que para ser un alcalde que non deixa falar, ben que falaren. Pide que non lle poñan pegas ás obras mentras non se acaben, xa o dicía Castelao. Non lle gusta como queda a obra do Foxo porque para que quedara ben habería que expropiar. Da apertura de gabias e maleza en Ogas non sabe o que quixo preguntar a concelleira do PSOE. A estrada da Lagoa ao Careixo está nun proxecto que se vai executar. Intentan facer as cousas ben, pero haberá que concretar que obras están mal e que xente opina eso.

A concelleira do PSOE responde que é o pobo quen o di.

O alcalde prégalle que se tranquilice e diga que obras non están ben e se é unha maioría a que protesta. Non coñece ningún concello que limpe os colectores cada quince días.

A Sra. Mouzo Maceiras di que en Fisterra si.

O alcalde responde que limpar 800 colectores cada quince días, a 5-6 euros por colector, aí están os números. No prego do lixo se contempla a periodicidade. Todos os anos se limpan os colectores da vila a comezo do verán. Pero algunha xente deposita residuos de xeito inadecuado e eso inflúe. Limpouse un colector tres veces, preto do bar A lareira, e era un líquido dun sumidoiro o causante do cheiro. Lembra que nunca se limparan os colectores, pero obviamente o concello debe limpalos e os cidadáns deben facer un uso correcto deles. Van poñer en marcha unha campaña porta por porta para fomentar a reciclaxe. Espera acadar os obxectivos marcados, e destaca que é a primeira vez que se fai.

Está dacordo do tema da limpeza dos ríos, e di que Augas de Galicia é moi dilixente para poñer sancións pero debería empregar eses recursos en limpar os ríos. Este goberno limpou un número importante de tramos: o afluente do río Grande ata Pasarela, o de Santa Comba, o regato de Cambeda ata Trasouteiro. Pode facer interlocución no Parlamento galego e dicir que o de Augas é un escándalo. Vivimos en Galicia, non botemos contra o feito de que medren os pinos nas pedras.

Aclara que os traxes rexionais cando chegaron ao goberno estaban no faiado, falaren coa Deputación para que os retirasen e veu un técnico moi coñecido que leva contratación buscalos.

Ao respecto das preguntas e rogos do concelleiro de TEGA, di que hai un ano que lle requiriron aos lindantes dos terreos co campo de fútbol que limparan, e van ter que facer cumprir a lei.

Unha das persoas que se encontra no público (Evaristo Blanco Blanco) bérralle ao alcalde que a lei hai que aplicala para todos, e erguéndose dille que non fai falla que o bote do pleno que xa marcha el. Abandona a sala de sesións.

O alcalde continúa explicando que o camiño por Brandomil desbrozouse a principios de xuño, pero ten toda a razón e hai que mantelo. A pista de Montetorán está incluída no proxecto, como xa dixo noutra sesión. Están estudando o tramo Bañías-límite con Dumbria e non está contento co que tardou a adjudicataria e o director de obra e cumprir a orde de repoñer do concello. Di que a remodelación do campo do Outeiro vaise licitar de inmediato, executarase despois das festas de setembro. Agradece que valore a adquisición de Pedra Cuberta, pois é un exemplo para máis xente. A limpeza ten que autorizala Patrimonio e está solicitada. Hai que limpar a contorna e sinalazala, pero non está prevista ningunha excavación.

En canto ás preguntas e rogos de IxV, lembra un sketch de Les Luthiers que dicía “suéltame pasado”. Cando dixo eso falando das Normas Subsidiarias, referiuse a unha persoa que ten a herencia política, agás que renuncie a todo aquilo, e de ser así non llo volverá a repetir. Dille que o poder non emborracha, senón que da moitos quebradeiros de cabeza sacar adiante os asuntos. Eles teñen as súas componendas e malas ideas, pero estálle moi agradecido á secretaria por botarlles unha man. A Xunta habilitou unha bolsa de interinos, con persoas sen experiencia que non pasaron unha oposición de habilitados. Hoxe a secretaria está de vacacións e aquí está. Houbo unha grande modificación da normativa respecto do exercicio accidental destas funcións reservadas e non hai ningún funcionario do concello que cumpra os requisitos actuais. Este déficit de habilitados tamén se vive noutros municipios e, como lle dixo unha alcaldesa doutro partido, hai que botar unha man. Agradece á interventora de Muxía que lles bote unha man, máis incluso do pactado.

Repite que non é quen de vez cincuenta fincas a expropiar no documento.



Lembra que foi este goberno o que implantou parques en todas as parroquias, onde antes non había, e no de Vimianzo vaise acometer unha reforma importante. Vaise facer un repitando e hoxe aprobaron o crédito para eso. Levan tempo pensando unha solución para a rúa Evaristo Martelo.

Colaboraron na festa do Asalto e na balanza pesa o positivo. A decoración das fachadas ten que vir da concencia da xente. Poden valorar para o ano darlles a tela, pero teñen que colaborar un pouco. Onde estea o Asalto que se quiten as festas medievais, ten outra idiosincrasia e debemos mantela. Non ten ningún papel o concello no concurso de fachadas, pero obviamente tampouco lle gustou que quedara deserto.

Os baches da Bouza vanse resolver, pero o problema é que a pista é moi estreita e os vehículos causan danos. A pista da Devesa á Casiña está ben asfaltada, pero hai moitas máis e priorizan segundo o número de viandantes.

Non é certo que o mantemento deste goberno sexa nulo, pero estamos a 27 de xullo e deixou o outro día de chover e a xente que teñen está facendo o seu traballo. O sistema é mellorable e vaise mellorar tanto o desbrozado como a limpeza de núcleos.

Vimianzo ten deportistas de recoñecido prestixio, e cunha delas ten a sorte de compartir vida. Valora moito a Damián Espasandín e recoñeceráselle. É partidario de facer un acto conxunto porque hai máis xente.

O contrato do lixo aínda non está asinado, senón en proposta de adxudicación. Pretende relacionar a Servicios dos Concellos Galegos con Idade de Ouro, pero nunca tivemos tantas horas de SAF nin tantos postos de traballo. Non critique que a concelleira tenlle o seu local alugado.

A Sra. Rodríguez di que non minta, que o local non é dela.

O alcalde di que daquela é de Manuel Rodríguez Lema. As valoracións fanas os técnicos municipais e son eles os responsables. Quedou gratamente sorprendido da oferta desta empresa, non tanto polo prezo senón polas melloras: 450 colectores de 800 litros e mercan un camión novo. Recolle o lixo en Cee, en Malpica e na metade dos concellos de Lugo e nunca escoitou nada malo deles.

Di que están á espera de que a Xunta resolva a autorización de apertura da aula da escola infantil.

O motivo da beirarrúa do bar A Fonte foi protexer a arqueta e tomouse a decisión que consideraron axeitada os traballadores municipais.

As vallas da esquina da rúa Vilar están colocadas por seguridade, porque o edificio precisa reparar a fachada. Parécelle que o propietario tarda abondo en cumprir a orde de execución, pero bótalle a culpa ao empresario que ten contratado.

No patio do colexio cambian a area cada certo tempo, e a manguera pode vela calquera, pero será cuestión de poñer máis area e tapala.

Pode contestar o que depende o concello, pero o concello non é quen pagou o proxecto da cuberta do CEIP.

A concelleira de IxV pregunta quen o pagou.

O alcalde di que foi a consellería. Persoalmente quere que se remate esa obra, e sabe que ao concello lle toca ser subsidiario do mal que o fai outra administración. Aclara que non se fai responsable disto.

A Sra. Rodríguez di que se esqueceu de facer unha pregunta: ten noticia do desdoble de 5º a 6º curso?

O alcalde di que non a pode facer e que lle contestará noutro momento.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 22:16 horas, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 27-07-2018.

O alcalde

A secretaria de Xermade en réxime de acumulación de funcións en Vimianzo